

ACTA E RESUMO DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2023

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
Escola Galega de Administración Pública. Aula 5
Santiago de Compostela
25 de marzo de 2023

ASISTENTES:

| | |
|----------------|---|
| PRESIDENTA | RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, SONIA |
| VICEPRESIDENTA | NÚÑEZ RÚA, ROCÍO |
| SECRETARIO | TEMBRÁS LÓPEZ, ALFONSO |
| TESOUREIRO | GIL CEDILLO, RODRIGO |
| VOGAL | FERNÁNDEZ SIMO, J. DEIBE |
| VOGAL | RAMALLAL FERNÁNDEZ, PILAR |
| VOGAL | RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, NOELIA |
| VOGAL | SEGADE CONDE, M ^a JESÚS |
| Colexiada 1 | Colexiado n ^o 5440 |
| Colexiada 2 | Colexiada n ^o 3316 |
| Colexiada 3 | Colexiada n ^o 5493 |
| Colexiada 4 | Colexiado n ^o 0968 |
| Colexiada 5 | Colexiada n ^o 3470 |
| Colexiada 6 | Colexiada n ^o 0111 |
| Colexiada 7 | Colexiado n ^o 3831 |
| Colexiada 8 | Colexiada n ^o 5582 |
| Colexiada 9 | Colexiado n ^o 4830 |
| Colexiada 10 | Colexiada n ^o 0924 |
| Colexiada 11 | Colexiado n ^o 5336 |
| Colexiada 12 | Colexiada n ^o 5585 |
| Colexiada 13 | Colexiada n ^o 3337 |
| Colexiada 14 | Colexiado n ^o 5500 |
| Colexiada 15 | Colexiada n ^o 3389 (+1 Voto delegado da Colexiada 3286) |
| Colexiada 16 | Colexiada n ^o 3221 (+1 Voto delegado da Colexiada 3550) |
| Colexiada 17 | Colexiada n ^o 3795 |
| Colexiada 18 | Colexiada n ^o 5507 |
| Amiga 1 | Amiga A9094 |
| Amiga 2 | Amiga A9095 |
| CONVIDADAS/OS | Colexiado n ^o 0846 (Non consta en Censo Asembleario, por retomar a alta colexial con posterioridade) |

Total Asistentes: 29 (19 mulleres e 10 homes): 26 colexiadas/os, 2 amigas/os e 1 convidado.
E 2 votos delegados (2 mulleres)

Iníciase a Asemblea Xeral o sábado 25 de marzo de 2023 ás 12:25h.

Sonia González Rodríguez, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, da a benvida a todas as persoas asistentes á *Asemblea Xeral* e informa que toda a documentación está colgada na web e tamén hai exemplares impresos a disposición das persoas asistentes na sala. Explica tamén como serán as votacións aos distintos puntos da orde día, utilizando as papeletas vermella, verde ou branca para emitir o voto en contra, a favor ou en branco respectivamente.

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 19 DE FEBREIRO DE 2022.**
- 2. INFORMACIÓN SOBRE PARTICIPACIÓN NO CGCEES.**
- 3. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2022.**
- 4. APROBACIÓN DO PLAN DE TRABALLO E ORZAMENTO 2023.**
- 5. PROPOSTAS ECONÓMICAS:**
 - A. CONXELACIÓN DE COTAS DE MANTEMENTO SEMESTRAL 2023.**
 - B. FIXACIÓN DE COTA POR EMISIÓN DE CERTIFICACIÓNS A NON COLEXIADAS/OS.**
 - C. FLEXIBILIZACIÓN NA COTA DE ALTA COLEXIAL.**
- 6. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.**

1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 19 DE FEBREIRO DE 2022

Presenta: Alfonso Tembrás López. Secretario do Ceesg.

Procede á lectura dos acordos recollidos na Acta da Asemblea Xeral de 19 de febreiro de 2022, informando que a acta completa está colgada na web e tamén hai varios exemplares impresos para consulta na sala.

Ábrese **quenda de intervencións ao Punto I da orde do día.**

Non producíndose intervencións, procédese á votación.

ACORDO:

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2022** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CGCEES.

Presenta: Noelia Rodríguez Álvarez. Vogal da Xunta de Goberno do Ceesg, Vogal do Cgcees e responsable de Comunicación do Cgcees.

Procede á explicación das actuacións máis relevantes levadas a cabo no Cgcees durante o exercicio 2022.

O exercicio 2022 estivo marcado polo *VIII Congreso Estatal da Educación Social*. Foi un congreso atípico, debido a que se foi pospoñendo desde 2020 debido á pandemia do Covid-19 e a que despois o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Aragón non se viu con forzas para levalo a cabo, polo que se reconverteu a un formato descentralizado que se levou a cabo en Madrid, Cuenca, Canarias, Bilbao, Valencia, Murcia e San Pelayo (municipio de Valladolid), rematando en Sevilla nunha xornada final de reflexión. Cabe destacar que a Presidenta do Cgcees, Lourdes Menacho Vega, acudiu a todas as xornadas.

Desde o Cgcees fixéronse achegas a diversas propostas legislativas, como por exemplo ao *Anteproyecto de Ley de Familias* ou ao *Anteproyecto de Ley de condiciones básicas para la igualdad en el acceso y disfrute de los servicios sociales*. En relación a este último, organizouse unha xornada, conxuntamente co Colexio Oficial de Psicoloxía de Madrid, na que participou a Presidenta do Ceesg Sonia González Rodríguez.

Traballouse a prol da visibilización. Así, entre outras actuacións, cabe destacar:

- A participación en distintos grupos de traballo da Unión Profesional estatal.
- Traballo conxunto coa Asociación Internacional de Educadores Sociais (AIEJI).
- Traballo conxunto co Consejo General de Colegios de Psicólogos.
- Colaboración coa Confederación Española de Asociaciones de Padres y Madres de Alumnado (CEAPA) na elaboración dunhas guías.
- Creación dun grupo de traballo en relación á unidade de atención ás vítimas de abusos sexuais da Igrexa Católica.

O Cgcees celebrou a súa Asemblea electoral en Zaragoza no mes de setembro de 2022, á que acudiu Rodrigo Gil Cedillo, Tesoureiro do Ceesg. Desde Galicia, Noelia Rodríguez Álvarez asumiu a Vicepresidencia do Cgcees, ademais da Coordinación de Comunicación e de Comisións, Vogalías e

Comités. Un dos grupos máis activos é o *Comité de Ética e Deontoloxía*, no que o referente do Ceesg é Alfonso Tembrás López.

Faise un chamamento á participación. Desde o Cgcees precísase xente, xa que o nivel de compromiso desde a voluntariedade fai difícil manter a súa continuidade. Menciónanse referentes na colaboración co Cgcees como Alberto Fernández de Sanmamed que colaborou ata 2022, Carlos Valverde (Director da revista RES) ou Roberto Bañón (responsable de eduso.net) que se están indo.

Listado de persoas do Ceesg, referentes en Comisións, Vogalías ou Comités do Cgcees:

- Vocalía de Envejecimiento Activo, ALV e Intergeneracionalidad: Laura Vilaboy Romero.
- Comisión de Género y Diversidad: Eva Bastón Martínez.
- Comisión de Servicios Sociales: Sonia González Rodríguez.
- Comité de Ética y Deontoloxía: Alfonso Tembrás López.
- Vocalía de Situación Profesional y Sociolaboral: Sonia González Rodríguez.
- Referente Comunicación: Deibe Fernández Simo.

Hai outras Comisións nas que agora mesmo non participa o Ceesg, como a Comisión de Educación ou a Comisión de Institucións Penitenciarias.

A Asemblea Xeral 2023 do Cgcees celebrarase no mes de maio. Entre os retos máis importantes a nivel estatal deste ano, poden destacarse: a apertura do Código Deontolóxico, a presentación da intranet que facilitará o traballo das Comisións, Vogalías e Comités e da propia Xunta de Goberno e, sobre todo, seguir a traballar na visibilización profesional.

3. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2022

MEMORIA TÉCNICA 2022

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Indica que as memorias están colgadas na web e tamén hai varios exemplares impresos para consulta na sala.

Expón, como acontecementos máis relevantes do pasado exercicio 2022, os seguintes:

- No Cgcees hai moita xente colaborando desde os distintos territorios. Desde o Ceesg asúmese un pouquiño máis esa representación.
- Neste primeiro ano de andaina da actual Xunta de Goberno, tiñase planificado reforzar cada un dos tres eixos de traballo do Ceesg:
 - O Eixo de Acción Profesional céntrase en explicar a profesión e revisar que nas convocatorias de emprego as prazas recollen correctamente os requisitos de acceso.
 - O Eixo de Desenvolvemento Profesional. Esta Xunta de Goberno apostou por reforzalo coa contratación a tempo parcial (20 horas semanais) dunha Educadora Social, que estivo desde abril a agosto de 2022 e marchou por acadar mellores expectativas laborais, sendo substituída dende setembro de 2022 ata a actualidade por outro Educador Social, que xa desde marzo de 2023 pasou a 30 horas semanais. Este eixo viuse reforzado coa creación do posto de *Coordinación da Formación*, co que se aposta por reforzar a profesión e a colexiación.
 - O Eixo de Participación Colexial. Na memoria consta desglosado todo o traballo levado a cabo por este eixo. Destácanse os seguintes fitos:
 - Reforzáronse os PIC das Universidades.
 - Reforzáronse os Grupos de Traballo, converténdose en grupos de especialistas nos diversos ámbitos de traballo. Mantivéronse os existentes, coa fusión de aBeira e

Escaravellando, e coa intención de iniciar dous novos grupos nos ámbitos de Prisións e de Renda Básica. Destacar que desde aBeira traballouse moito no Informe Socioeducativo e avanzaouse no acceso a través da Historia Social Única; e desde Fiadeiras presentárase neste exercicio unha nova publicación con perspectiva de xénero deseñada no 2022, a guía *Son de Fiar*.

- Repartíronse os esforzos da Xunta de Goberno por delegacións territoriais, para representar desde a cercanía nas provincias, centrándose en formar á seguinte Xunta de Goberno ao tempo que se reforza a actual. Anímase á participación.
- Aínda que se fixo en parte, está pendente desenvolver un espazo de autocoidado e supervisión.
- Fíxose un esforzo por manter o *Espazo Dialoga*. Considérase que Psicología, Traballo Social e Educación Social son profesións que deben ir da man. Traballarase na idea de engadir outras profesións, como Logopedas ou Terapia Ocupacional, coa intención de coñecernos e recoñecernos para traballar dun xeito máis efectivo.
- Aposta pola cercanía nas formacións programadas. Reforzo do espazo físico do Ceesg como espazo de encontro e para xerar redes. Intención de manter a *Convivencia do Xurés* no Día Internacional da Educación Social (DIES).
- O *portelo único* estará en funcionamento neste exercicio 2023.

Agradece o traballo de todo o persoal do Ceesg e cede a palabra ao Tesoureiro, Rodrigo Gil Cedillo, para explicar a *Memoria Económica 2022*, na que se recollen as partidas que fixeron posible levar a cabo as actuacións recollidas na *Memoria de Actividades do Ceesg 2022*.

MEMORIA ECONÓMICA 2022

Presenta: Rodrigo Gil Cedillo. Tesoureiro do Ceesg.

Procede á explicación da *Memoria Económica 2022* e do *Balance de Situación do Ceesg a 31/12/2022*. Documentos colgados na web e tamén hai varios exemplares impresos para consulta na sala.

A *Memoria Económica 2022* é a explicación do resultado do exercicio, formado polos ingresos e gastos que tivo o colexio no 2022, cun resultado deficitario de -2.885,24€.

Motivos deste resultado:

- Incrementouse o gasto da partida de gasto *Soldos e Salarios e custos Seguridade Social*, xa que estaba prevista a contratación durante 6 meses dunha graduada en Educación Social para o posto de *coordinación de formación* e finalmente estivo cuberto o posto durante 9 meses. Gastáronse 6.465,77€ máis do previsto.
- Aínda que non se chegaron a dedicar tantos cartos ás actividades formativas programadas, a *Convivencia do Xurés* supuxo un déficit de -5.233,74€. Nembargantes, constituíu un evento de gran visibilización, apostándose pola súa continuidade no DIES mellorando a xestión para que non volva resultar deficitario.
- Contábase cunha axuda da Secretaría Xeral de Política Lingüística de 6.214€ para a edición do libro *Os Bolechas. A Educación Social*, que finalmente non se materializou. Por este motivo, o Ceesg tivo que asumir este custo e puxo á venda os exemplares a prezo de custo (7€/ud).
- Houbo menos ingresos dos previstos na partida de ingresos *Cotas de mantemento semestral e seguro RCP* (5.967,67€ menos).

Resalta respecto aos gastos do exercicio 2022, que se gastou menos do que tiña orzamentado, concretamente 2.639,23€ menos, ao non chegar a executarse todo o plan de traballo proposto no exercicio e pese a terse incrementado, como se mencionou, o custo de *Soldos e Salarios e custos Seguridade Social* e o gasto da *Convivencia do Xurés*.

Resalta respecto aos ingresos do exercicio 2022, que os ingresos por *cotas de mantemento semestral e seguro RCP* foron algo inferiores aos previstos, como xa se mencionou, e non se xestionaron tantos *traslados de expediente* nin se alcanzou a cantidade de *Amigas do Ceesg* prevista.

Infórmase que se pechou o exercicio 2022 cun saldo negativo de colexiacións de 20 (85 altas e 105 baixas tramitadas), dispoñendo a 31/12/2022 de 977 colexiadas de alta. Puntualízase que a día de hoxe, a 25/3/2023 o Ceesg ten 991 colexiadas.

BALANCE DE SITUACIÓN 2022

Informa da situación patrimonial do Ceesg a 31/12/2022, é dicir, reflexa o conxunto de bens, dereitos e obrigas do Ceesg nun momento concreto, indicando o que a entidade ten, o que debe e o que lle deben, así como o seu Patrimonio Neto. É como unha foto do que vale o colexio.

A 31/12/2022 temos unha entidade que está saneada a todos os niveis, xa que non ten débedas de ningún tipo (nin préstamos, nin hipotecas, nin avais, non hai pasivo a longo prazo), agás o *pasivo a curto prazo* que xa foi pagado en xaneiro, e ademais conta con liquidez en contas bancarias. O seu valor “contable” é de 277.534,31€.

A única pega é que temos xente que foi deixando recibos adeudados, eses 40.870,23€ que figuran no balance (practicamente baixas por impago desde o inicio da andaina do Ceesg).

O Ceesg está financiado por *fondos propios* (cotas colexiais) e non ten *fondos alleos*; o único *pasivo corrente*, concernente á facturación pendente de pago a final de cada exercicio (TC das nóminas de decembro que se paga ata o 20 de xaneiro do ano seguinte; declaración do 4º trimestre do IRPF que se paga ata o 30 de xaneiro do ano seguinte e facturación de provedores e dietas devengadas en decembro recibidas e abonadas ou cargadas en conta con posterioridade).

Ábrese **quenda de intervencións ao Punto 3 da orde do día:**

- 1ª intervención. Colexiada nº 18. Consulta por que os 40.870,23€ que figuran no balance, de baixas por impago, non se eliminan do balance pasándoos a *cotas incobrables*. Tamén consulta de que son os 7.210,08 € que figuran no balance como *pasivo corrente*.
- Responde a Presidenta Sonia González Rodríguez. Agradece a participación. Indícalle que as débedas de baixas por impago se manteñen, xa que hai moita xente que volve retomar a alta colexial, para o que debe aboar a débeda primeiro. É unha decisión de Xunta de Goberno. Valorárase, se procede, eliminar a débeda das colexiadas con maior antigüidade, ben por falta de relación co Ceesg ou ben por idade (xubilación). Respecto á consulta do *pasivo corrente* indica que, como aclarou o Tesoureiro, iso xa está todo pagado no mes de xaneiro de 2023, correspondéndose ao pago dos seguros sociais (TC) de decembro, o IRPF do 4º trimestre de 2022 e a facturación de provedores e dietas de xunta de goberno de decembro de 2022.

Non producíndose máis intervencións, procédese á **votación do Punto 3 da Orde do día**.
Votación ás **Memorias Técnica e Económica 2022:**

ACORDO:

A votación ás **Memorias Técnica e Económica 2022** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

4. **APROBACIÓN DO PLAN DE TRABAJO E ORZAMENTO 2023**
5. **PROPOSTAS ECONÓMICAS:**
 - A. **CONXELACIÓN DE COTAS DE MANTEMENTO SEMESTRAL 2023**
 - B. **FIXACIÓN DE COTA POR EMISIÓN DE CERTIFICACIÓNS A NON COLEXIADAS/OS**
 - C. **FLEXIBILIZACIÓN NA COTA DE ALTA COLEXIAL**

PLAN DE TRABAJO 2023

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Procede á explicación do *Plan de Trabajo 2023*.

Indica que se mantén a aposta pola calidade da formación, para a que interesa facer un esforzo económico. Anima á participación, a través da achega de propostas formativas ao *coordinador de formación*.

Resalta as seguintes actuacións, entre as propostas:

- Procedese á ampliación da xornada laboral do *coordinador de formación*, a 30h/semanais desde este mes de marzo 2023.
- O *Encontro Formativo SEAF*, que se celebrará en Carballiño no mes de abril.
- A *Convivencia Profesional, Encontro Galego da Educación Social, Xurés 2023*.
- Colaboración coa FEGAMP.
- Colaboración con outras entidades.

O Vogal Deibe Fernández Simo, en relación á programación da *Convivencia Profesional, Encontro Galego da Educación Social, Xurés 2023*, indica que é moi importante o nivel de visibilización alcanzado na 1ª edición celebrada o ano pasado, polo que se aposta por darlle continuidade.

Agradece ao persoal do Ceesg e ás profesionais que colaboraron coordinando os obradoiros o seu traballo, así como ao profesorado das universidades que colaborou de xeito totalmente desinteresado.

Considera oportuno resaltar que:

- O alumnado coñece o Ceesg. Hai unha sinerxía de colaboración das tres universidades galegas co colexio. Aparte do ámbito universitario, tamén constitúe un encontro de intercambio.
- Na 1ª edición da convivencia, o Grupo de Trabajo Fiadeiras instalou un *Punto Violeta*. De Celanova para abaixo, por primeira vez se instalou unha bandeira LGTBI, transinclusiva, chegando á xente o discurso feminista, e iso tamén é Educación Social.
- Xeráronse alianzas coa Escola Superior de Educaçao de Viseu, a Facultad Padre Ossó (Universidad de Oviedo), a Escola Superior de Educaçao e Ciências Sociais, o Instituto Politécnico de Leiria ou a Escola Superior de Educaçao Paula Frassinetti, que este ano repiten a súa participación na 2ª convivencia. Este ano contarase ademais coa Universidade do País Vasco.
- O retorno comunitario é importante, na xente da zona e tamén a nivel económico. As autoridades tamén están desexando que volvamos.
- Este encontro é moi importante para dar visibilización desde fóra á Educación Social. As institucións públicas visibilizáronnos na 1ª edición e isto da máis peso á profesión. A visibilización é estratéxica.
- Un dos grandes retos é conseguir incrementar a participación das persoas colexiadas. As universidades e o alumnado están afianzados, pero fáltanos dar o salto ás profesionais.
- Esta 2ª edición da *Convivencia do Xurés* celebrarase do 29 de setembro ao 1 de outubro. O venres e sábado haberá actividades, vanse simultanear 18 obradoiros, e o domingo celebrarase un roteiro polo parque natural e baño nas pozas. A programación tamén contempla un espazo lúdico coa celebración dunha cea de convivencia da que este ano se encargará a *Asociación Ourense Cociña*, entidade con repercusión na zona.

- Nesta 2ª edición preténdese acadar máis apoios económicos para evitar que resulte deficitaria.

Sonia González Rodríguez agradece o gran traballo levado a cabo por Deibe Fernández Simo na organización da 1ª Convivencia do Xurés de 2022, tanto del como da súa familia.

Alfonso Tembrás López, Secretario do Ceesg, indica que un dos obxectivos deste exercicio é a revisión do Código Deontolóxico. A idea é que sexa un proceso participativo, incluso na 2ª edición da Convivencia do Xurés haberá un espazo ético. Preténdese adaptalo para identificalo como guía de referencia, como elemento de identidade da profesión. Neste sentido, tanto o *Comité de Ética* do Cgcees como a *Comisión de Ética e Benestar Profesional* do Ceesg están a facer un gran traballo.

ORZAMENTO 2023

Presenta: Rodrigo Gil Cedillo. Tesoureiro do Ceesg.

Procede á explicación da *Orzamento 2023*.

Indica que mostra a previsión de ingresos e gastos do presente exercicio económico 2023.

A Xunta de Goberno pretende ser continuista co sistema de traballo do Ceesg e manterá a estrutura de Eixos e Grupos de Traballo, polo que a distribución de partidas de gasto mantense igual que no ano anterior:

A. PERSOAL CONTRATADO.

O groso dos gastos é a partida de todos os gastos asociados ao persoal (salarios, IRPF e seguridade social). Dúas persoas contratadas a xornada completa, a Educadora Social e a Secretaria Técnica e unha 3ª persoa, o Coordinador de Formación, contratado a xornada parcial (30h/semanais desde marzo de 2023).

B. MANTEMENTO LOCAL, RECURSOS INVENTARIABLES E FUNXIBLES.

Inclúe partidas de gasto correntes do exercicio (suministros de luz e auga, limpeza, telefonía, servizos de mantemento informático e da fotocopiadora, papelería e merchandising que se vaia encargar ao longo do ano e o IBI).

C. EIXOS E GRUPOS DE TRABALLO DO CEESG

Distribúense en varias partidas de gasto. Todos os eixos recollen unha partida de gasto para posibles imprevistos que poidan xurdir, de 200€):

- XUNTA DE GOBERNO. Recolle dietas por encontros de traballo ou citas con entidades ou institucións públicas, entre outras, e o custo da póliza de seguro de accidentes, ademais do gasto con motivo da celebración da Asemblea anual.
- 3 EIXOS DE TRABALLO. Que recollen as partidas de gasto da programación que teñen planificado facer este ano, presentada na exposición dos Plans de Traballo:
 1. O Eixo de Participación Colexial é o que da visibilización ao colexio, coordinando todo o traballo de avisos en liña, redes sociais, publicacións, concursos, etc., e inclúe aos Grupos de Traballo do colexio.
 2. O Eixo de Desenvolvemento Profesional é responsable da reciclaxe profesional das Educadoras e Educadores Sociais colexiadas/os, diseña a programación de actividades formativas. Inclúe tamén as colaboracións, como a prevista co Congreso da SGXX. Destacar a importancia de dar continuidade á *Convivencia do Xurés*.
 3. O Eixo de Acción Profesional e Sociolaboral é responsable da supervisión da lexislación e convocatorias de emprego, loita pola consecución dos dereitos laborais das Educadoras e Educadores Sociais, en directa coordinación co servizo xurídico do colexio. Neste eixo recóllense os gastos do Servizo de Asesoría Xurídica e o custo das pólizas de seguros de RC profesional (de subscripción voluntaria, neste ano mantense

con Lloyd's, 4,59€/asegurada/ano; actualmente hai 124 aseguradas). Inclúe tamén á Comisión de Ética e Benestar Profesional do Ceesg.

- CGCEES. Recolle dúas partidas de gasto: unha partida de *cotas* que anualmente se pagan ao consello (9,42€/colexiada, a razón de 977 colexiadas certificadas a 31/12/2022+ % COTA UP), pago fraccionado por trimestres; e outra partida, de *participación estatal* por asistencia a asembleas, reunións de Xunta de Goberno e outras actividades ou eventos que se organicen a nivel estatal. Noelia Rodríguez continuará representando ao Ceesg como Vicepresidenta na Xunta de Goberno do Cgcees.

D. OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTES

Gastos obrigatorios contablemente. A *amortización contable*, que en realidade non é un gasto, senón como vimos na memoria económica, é como un “peto” para cando teñamos que adquirir novos bens.

Outros gastos: *Comisións bancarias* por emisión e devolución de recibos; *asesoría fiscal* (nóminas e fiscalidade); *programa contable* que se emprega para a contabilidade do Ceesg (Glasof), etc.

A distribución de partidas de ingresos mantense igual que anos anteriores:

- A. COTAS CEESG. Cotas traslado, amigas/os, mantemento semestral, seguro RC e ingresos por cursos programados.
- B. OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN. Xuros bancarios a favor, do Depósito do Triodos Bank, e ingresos por venda de materiais (libro Bolechas, camisetas 8M e cadernos Educación Social)
- C. SUBVENCIONS E AXUDAS. Solicitarase a subvención da Deputación da Coruña (FOENIA 2023) para investimentos en novos equipos informáticos para o posto de traballo do *coordinador de formación*, así como para dotar de mesas pregables a sala de xuntas e, de ser posible, tamén se incluíra outro mobiliario (estanterías para aproveitar espazos na sala de formación).
- D. REGULARIZACIÓN DE RECIBOS. Estimación de anulacións de recibos ou anulación de parte proporcional de recibos emitidos por posibles devolucións por baixas colexiais ou por bonificacións presentadas fóra de prazo.

Ábrese **quenda de intervencións ao Punto 4 da orde do día.**

- 1ª intervención. Colexiada nº 18: Propón que se teña en conta a perspectiva ambiental na *Convivencia do Xurés*. Consulta que se vai a facer con todo o residuo, especialmente de comida, que se vai a xerar. Tamén indica que fará propostas contra o consumo de alcol.
- Responde o Vogal Deibe Fernández Simo: Agradece a participación. Indícalle que da cea se encargará unha asociación e búscase que sexa factible economicamente, mais tamén se fará recollida selectiva.

PROPOSTAS ECONÓMICAS

A. CONXELACIÓN DE COTAS DE MANTEMENTO SEMESTRAL 2023

En Asemblea xeral de 2021, celebrada o 27/02/2021, acordárase a conxelación das cotas colexiais nos exercicios 2021-2022, por mor da situación de crise sanitaria derivada da COVID-19.

Nas cotas de mantemento semestral do presente exercicio 2023 debería aplicarse o incremento do IPC interanual de decembro 2022 (5,7%). Nembargantes, dada a situación derivada da guerra da Ucraína e as consecuencias que está a provocar nos prezos de múltiples bens e servizos, co consecuente incremento da inflación a niveis desconcertantes, a Xunta de Goberno do Ceesg propón manter conxeladas as cotas de mantemento semestral neste exercicio 2023.

Ábrese **quenda de intervencións á proposta de conxelación de cotas de mantemento semestral 2023.**

Non producíndose intervencións, procédese á **votación da Proposta de conxelación de cotas de mantemento semestral 2023 do Punto 5 A) da Orde do día:**

ACORDO:

Apróbase por unanimidade a conxelación de cotas de mantemento semestral 2023

B. FIXACIÓN DE COTA POR EMISIÓN DE CERTIFICACIÓNS A NON COLEXIADAS/OS

A Xunta de Goberno do Ceesg propón fixar unha cota de 30€ por emisión de certificados que demanden colexiadas/os en situación de baixa.

Ábrese quenda de intervencións á proposta de fixación de cota por emisión de certificaci3ns a non colexiadas/os:

- 1ª intervención. Colexiada nº 10: Considera excesivo o importe de 30€ por emitir un certificado.
- Responde a Presidenta Sonia González: Nalg3ns colexios de Educaci3n Social do resto do Estado xa fai anos que se cobra, ao entender que o traballo do colexio 3 para as/os profesionais colexiadas/os. Proponse unha cota de 30€ por equiparaci3n con eles e para unificar criterios con outros territorios.
- 2ª intervención. Colexiada nº 6. Considera importante dar valor 3 colexiaci3n, polo que non lle parece caro establecer unha cota de 30€.
- 3ª intervención. Colexiada nº 15. Considera excesiva a cota de 30€. Cree que Galicia non 3 comparable a outras Comunidades Aut3nomas. Hai diferencias tanto a nivel econ3mico, como na situaci3n da Educaci3n Social nas Administraci3ns P3blicas.
- Responde a Presidenta Sonia González: A solicitude de certificaci3ns por profesionais que non mante3nen a colexiaci3n no Ceesg non 3 algo continuo, pero cando as solicitan requ3renos con presas. A Secretaria T3cnica pode informar do volume de petici3ns que recibimos.
- 4ª Intervenci3n. Secretaria T3cnica do Ceesg: Normalmente poden emitirse arredor de 10 ou 15 ao ano de media. Nembargantes nos 3ltimos meses, por mor das convocatorias dos procesos extraordinarios de estabilizaci3n das Administraci3ns P3blicas, emit3ronse moitas que, efectivamente, se esix3an con premura pola inminente necesidade de acreditar a habilitaci3n profesional en diferentes procesos selectivos de distintas Comunidades Aut3nomas.
- 5ª intervenci3n. Colexiada nº 18. Non comparte que se cobre unha cota pola emisi3n dun certificado a non colexiadas/os.
- 6ª Intervenci3n. Asesora Xur3dica do Ceesg: a Lei permitiulles habilitarse profesionalmente como Educadoras/es Sociais. Agora gozan desa habilitaci3n e piden esa certificaci3n sen manter a colexiaci3n. A cota 3 m3is pola loita da dignificaci3n da colexiaci3n.
- Responde a Presidenta Sonia González: Ademais hai concellos que xa est3n a esixir a acreditaci3n da colexiaci3n.
- 7ª intervenci3n. Colexiada nº 18. Valora que haber3a que atender 3 situaci3n econ3mica da persoa que pide o certificado, para determinar o importe da cota a esixir pola s3a expedici3n.
- Responde a Presidenta Sonia González: Somos un colexio profesional e non podemos atender a cada situaci3n persoal. As3 por exemplo, ela mesma traballa nunha Administraci3n P3blica e ten unha situaci3n desafoxada, mais outra persoa na s3a mesma situaci3n con catro fillos igual ten dificultades, polo que como se valorar3a? Ser3a moi complicado.
- 8ª intervenci3n. Colexiada nº 6. Indica que o Ceesg non 3 unha asociaci3n sen 3nimo de lucro. Todas/os pagamos unha cota de mantemento e non 3 xusto que as profesionais que se descolexiaron reciban servizos sen pagar unha cota por eles. Na Educaci3n Social, lamentablemente, temos a tendencia a ser moi garimosas/os, pero o colexio hai que mantelo. Non ve cal 3 o problema de cobrar un servizo a unha persoa non colexiada.

Non producíndose máis intervencións, acórdase facer dúas votacións respecto á **proposta de fixación de cota de 30€ por emisión de certificacións a non colexiadas/os, do Punto 5 B) da Orde do día:**

1ª VOTACIÓN. Establecer ou non unha cota por emisión de certificacións a non colexiadas/os:

ACORDO:

Producíndose 1 abstención e 25 votos a favor, **queda aprobada por maioría das/os presentes o establecemento dunha cota por emisión de certificacións a non colexiadas/os.**

2ª VOTACIÓN. Fixar en 30€ a cota por emisión de certificacións a non colexiadas/os:

ACORDO:

Producíndose 6 abstencións e 20 votos a favor, **queda aprobada por maioría das/os presentes a fixación dunha cota de 30€ por emisión de certificacións a non colexiadas/os.**

C. FLEXIBILIZACIÓN NA COTA DE ALTA COLEXIAL

A cota de alta págase no momento de solicitar a colexiación e actualmente ascende a:

- Cota de alta Xeral: 65 €
- Redución para persoas tituladas recentemente:
 - o 15€ no primeiro ano dende o remate dos estudos de Educación Social
 - o 35€ no segundo ano

A Xunta de Goberno do Ceesg propón flexibilizar os tramos da cotas de alta vixentes, deixándoos do seguinte xeito:

- Cota de alta Xeral: 65 €
 - o Redución para persoas tituladas recentemente: 0€ (gratis) no curso inmediatamente seguinte a rematar os estudos de Educación Social

A Presidenta do Ceesg indica que esta proposta busca o achegamento ao Ceesg.

Ábrese **quenda de intervencións á proposta de flexibilización na cota de alta colexial.**

Non producíndose intervencións, procédese á **votación da Proposta de Flexibilización na cota de alta colexial do Punto 5 C) da Orde do día:**

ACORDO:

Apróbase por unanimidade a flexibilización na cota de alta colexial, quedando establecida do seguinte xeito:

Cota de alta Xeral: 65 €

Redución para persoas tituladas recentemente: 0€ (gratis) no curso inmediatamente seguinte a rematar os estudos de Educación Social

Non producíndose máis intervencións, procédese á **votación do Punto 4 da Orde do día. Votación aos Plans de Traballo e Orzamento 2023:**

ACORDO:

A votación aos **Plans de Traballo e Orzamento 2023** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

6. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS

Non se presenta ningunha suxestión nin pregunta.

A Presidenta do Ceesg, Sonia González Rodríguez agradece a todas e todos a súa asistencia e da por pechada a presente Asemblea Xeral ás 14:25h.